

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	2018/2019	7	155	155

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FÁTIMA MARTÍN SANTOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación desenvólvese para o módulo Autonomía persoal e saúde infantil, pertencente ao Ciclo formativo de grao superior de educación infantil; tomado como referencia o Decreto 226/2008 polo que se establece o título de Técnico superior en educación infantil e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, Competencia xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

Perfil profesional do título: O perfil profesional do título de técnico superior en educación infantil determinase pola súa competencia xeral, polas súas copetencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e de ser o caso Unidades de Competencia do Catálogo nacional de Cualificacións profesionais incluídas no título.

Competencia xeral: A competencia xeral deste título consiste en deseñar, por en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

Competencias profesionais, persoais e sociais:

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan a seguir:

- a) Programar a intervención educativa e de atención social á infancia a partir das directrices do programa da institución e das características individuais, do grupo e do contexto.
- b) Organizar os recursos para o desenvolvemento da actividade respondendo ás necesidades e ás características dos nenos e das nenas.
- c) Desenvolver as actividades programadas empregando as estratexias metodolóxicas e os recursos apropiados, e creando un clima de confianza.
- d) Deseñar e aplicar estratexias de actuación coas familias, no marco das finalidades e os procedementos da institución, para mellorar o proceso de intervención.
- e) Responder ás necesidades dos cativos e das cativas, así como das familias que requiran a participación de profesionais ou servizos, utilizando os recursos e os procedementos axeitados.
- f) Actuar ante continxencias relativas ás persoas, aos recursos ou ao medio, transmitindo seguridade e confianza, e aplicando, de ser o caso, os protocolos de actuación establecidos.
- g) Avaliar o proceso de intervención e os resultados obtidos, elaborar e xestionar a documentación asociada ao proceso, e transmitir a información co fin de mellorar a calidade do servizo.
- h) Manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos relativos á propia actividade profesional, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida.
- i) Actuar con autonomía e iniciativa no deseño e na realización de actividades, con respecto polas liñas pedagóxicas e de actuación da institución en que se desenvolva a actividade.
- j) Manter relacións fluídas cos nenos e as nenas, coas súas familias, cos membros do seu grupo e con outro persoal profesional, amosando habilidades sociais e capacidade de xestión da diversidade cultural, e achegar solucións para os conflitos que se presenten.
- k) Xerar contornos seguros, respectando a normativa e os protocolos de seguridade na planificación e no desenvolvemento das actividades.
- l) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que deriven das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- m) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.
- n) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando o estudo da viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- o) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

O módulo de Autonomía e Saúde Infantil está asociado á unidade de competencia:

UC1029\_3: desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.



Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A autonomía persoal na etapa infantil	Formación teórico práctica para poder intervir como futuro profesional da educación infantil	12	25
2	Crecedemento e desenvolvemento infantil	Descríbense os conceptos de crecedemento e desenvolvemento dos nenos e nenas e os factores que influen nos mesmos. Explicanse as características do desenvolvemento funcional dos aparatos e sistemas do organismo e describíense os parámetros básicos e os procedementos de medida para o seguimento do <del>crecedemento e desenvolvemento dos nenos e nenas</del>	27	25
3	Alimentación infantil	Estúdanse todos os aspectos relacionados coa alimentación e nutrición na etapa infantil, e a elaboración de diferentes tipos de dietas para nenos e nenas de 0 a 6 anos	27	5
4	Hixiene e saúde infantil	Aborda os contidos relacionados co concepto de hixiene e os procedementos para a hixiene dos nenos e nenas na etapa de 0 a 6 anos	22	5
5	Descanso infantil	Se traballan as características fisiolóxicas dos sono e as necesidades dos nenos e as nenas de 0 a 6 anos en relación ao sono e o descanso infantil	22	5
6	Hábitos de autonomía persoal e saúde	Descríbese o concepto de hábito, e o proceso de adquisición do mesmo na etapa infantil	27	25
7	Educación para a saúde	Dase unha visión xeral do concepto de saúde reseñando a importancia da educación para a saúde no entorno, escolar, familiar e social dos nenos e nenas, así como o plantexamento que dende a escola se fai da <del>educación para a saúde na etapa de 0 a 6 anos.</del>	18	10



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A autonomía persoal na etapa infantil	12

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.	NO
RA2 - Programa intervencións educativas para favorecer o desenvolvemento de hábitos de autonomía persoal nos cativos e nas cativas en relación coas estratexias de planificación educativa e os ritmos de desenvolvemento infantil.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumpran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.14 Valorouse a importancia educativa das actividades relacionadas coa satisfacción das necesidades básicas.
CA2.8 Valorouse a importancia da adquisición da autonomía persoal para a construción dunha autoimaxe positiva e do seu desenvolvemento integral, por parte do cativo e da cativa.
CA2.10 Explicouse o papel das persoas adultas na adquisición da autonomía infantil.
CA3.9 Valorouse a importancia de respectar os ritmos individuais dos cativos e das cativas.
CA4.4 Estableceuse unha relación educativa cos nenos e coas nenas.
CA4.5 Aplicáronse estratexias metodolóxicas para favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal nos cativos e nas cativas.
CA4.10 Valorouse o papel do persoal educador na satisfacción das necesidades básicas e no desenvolvemento da autonomía dos cativos e das cativas.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Valoración da atención ás necesidades básicas como momento educativo.
Autonomía persoal na infancia: pautas de desenvolvemento.
Valoración da autonomía persoal no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
Valoración do papel das persoas adultas na adquisición da autonomía persoal dos cativos e das cativas.
Adecuación de espazos e recursos para favorecer a autonomía dos pequenos e das pequenas.
Valoración das necesidades infantís como eixe da actividade educativa.
Análise do papel do persoal profesional da educación infantil na atención ás necesidades básicas e na promoción da autonomía persoal dos cativos e das cativas.
Valoración da coordinación coas familias e con outras persoas profesionais para a atención dos cativos e das cativas.
Perigos e puntos de control críticos.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Crecedemento e desenvolvemento infantil	27

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecedemento e desenvolvemento físico.	NO
RA5 - Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.	NO
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención en relación coa satisfacción das necesidades básicas e a adquisición de hábitos de autonomía persoal, e xustifica a selección das estratexias e dos instrumentos empregados.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as etapas do desenvolvemento físico e os factores que inflúen nel.
CA1.2 Descríbense os parámetros básicos para o seguimento no desenvolvemento físico dos nenos e das nenas.
CA5.2 Identifícaronse os principais factores implicados no proceso de doenza-saúde.
CA5.5 Indicáronse os criterios e os síntomas máis salientables para a identificación das principais doenzas infantís, e describíronse os protocolos de actuación.
CA6.1 Identifícaronse as fontes de información e as técnicas de seguimento do desenvolvemento físico e da adquisición de hábitos, e a detección de situacións de risco.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Crecedemento e desenvolvemento físico de cero a seis anos: etapas, características e trastornos máis frecuentes.
Factores que inflúen no crecedemento e no desenvolvemento infantil.
Parámetros básicos para o seguimento no desenvolvemento físico dos nenos e das nenas.
Identificación de axudas técnicas para a mobilidade e a comunicación na infancia.
Identificación das doenzas infantís máis frecuentes. Pautas de intervención.
Vacinas
Trastornos derivados da discapacidade e de situacións de inadaptación social. Pautas de intervención.
Interpretación de instrumentos e datos sobre a evolución dos parámetros físicos.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Alimentación infantil	27

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumpran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse os tipos de alimentación da infancia.
CA1.4 Descríbense as características e as necesidades dos pequenos e das pequenas en relación coa alimentación, a hixiene e o descanso.
CA1.5 Identifícanse os criterios axeitados na elaboración de menús.
CA1.6 Elaboráronse tipos de dietas e menús adaptados ás características persoais: idade, alerxias, intolerancias alimentarias, etc.
CA1.7 Analizáronse as pautas de actuación na manipulación dos alimentos.
CA1.9 Identifícanse os principais trastornos e conflitos relacionados coa alimentación, a hixiene e o descanso.
CA1.11 Deseñáronse ambientes aptos e seguros para a satisfacción das necesidades de alimentación, hixiene e descanso.
CA3.3 Preparouse o espazo e as condicións máis acaídas para o descanso, a hixiene e a alimentación.
CA3.6 Seleccionáronse os obxectos e os recursos materiais necesarios para traballar cos hábitos de alimentación, hixiene, descanso, etc.
CA4.3 Aplicáronse as técnicas de alimentación, aseo e hixiene infantil de bebés.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Identificación de trastornos relacionados coa alimentación, co descanso e coa hixiene.
Principais afeccións alimentarias: alerxias e intolerancias. Dietas tipo.
Alimentación: tipos.
Análise das características e das pautas da alimentación infantil.
Análise da información dos produtos alimentarios. Calidade alimentaria.
Criterios para a elaboración de menús infantís.
Elaboración de menús adecuados ás necesidades derivadas dos trastornos alimentarios, tendo en conta as alerxias e as intolerancias.
Manipulación dos alimentos.



**Contidos**

Determinación de instalacións e dos materiais para a alimentación, a hixiene e o descanso dos pequenos e das pequenas.

Alteracións e conservación dos alimentos.

Adecuación de espazos e recursos para favorecer a autonomía dos pequenos e das pequenas.

Análise das rutinas na organización do tempo.

Aplicación de técnicas para a alimentación de bebés.

Manipulación hixiénica dos alimentos.

Prevenición de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantís.





#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Hixiene e saúde infantil	22

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumpran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Descríbense as características e as necesidades dos pequenos e das pequenas en relación coa alimentación, a hixiene e o descanso.
CA1.9 Identifícanse os principais trastornos e conflitos relacionados coa alimentación, a hixiene e o descanso.
CA1.11 Deseñáronse ambientes aptos e seguros para a satisfacción das necesidades de alimentación, hixiene e descanso.
CA3.3 Preparouse o espazo e as condicións máis acaídas para o descanso, a hixiene e a alimentación.
CA3.6 Seleccionáronse os obxectos e os recursos materiais necesarios para traballar cos hábitos de alimentación, hixiene, descanso, etc.
CA4.3 Aplicáronse as técnicas de alimentación, aseo e hixiene infantil de bebés.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Aseo e hixiene persoal.
Vestido, calzado e outros obxectos de uso persoal.
Identificación de trastornos relacionados coa alimentación, co descanso e coa hixiene.
Determinación de instalacións e dos materiais para a alimentación, a hixiene e o descanso dos pequenos e das pequenas.
Adecuación de espazos e recursos para favorecer a autonomía dos pequenos e das pequenas.
Análise das rutinas na organización do tempo.
Análise de prácticas concretas de hixiene no ámbito da educación infantil.
Análise do proceso que as nenas e os nenos seguen no control de esfínteres.
Aplicación de técnicas para o aseo e a hixiene infantís.
Prevención de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantís.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Descanso infantil	22

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumpran.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Descríbense as características e as necesidades dos pequenos e das pequenas en relación coa alimentación, a hixiene e o descanso.
CA1.9 Identifícanse os principais trastornos e conflitos relacionados coa alimentación, a hixiene e o descanso.
CA1.11 Deseñáronse ambientes aptos e seguros para a satisfacción das necesidades de alimentación, hixiene e descanso.
CA3.3 Preparouse o espazo e as condicións máis acaídas para o descanso, a hixiene e a alimentación.
CA3.4 Organizáronse os tempos respectando os ritmos infantís e o equilibrio entre os períodos de actividade e de descanso.
CA3.6 Seleccionáronse os obxectos e os recursos materiais necesarios para traballar cos hábitos de alimentación, hixiene, descanso, etc.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Identificación das necesidades e dos ritmos de descanso e de sono infantís.
Identificación de trastornos relacionados coa alimentación, co descanso e coa hixiene.
Determinación de instalacións e dos materiais para a alimentación, a hixiene e o descanso dos pequenos e das pequenas.
Adecuación de espazos e recursos para favorecer a autonomía dos pequenos e das pequenas.
Análise das rutinas na organización do tempo.
Organización da actividade: importancia dos ritmos individuais e do equilibrio entre a actividade e o descanso.
Prevenção de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantís.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Hábitos de autonomía persoal e saúde	27

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.	NO
RA2 - Programa intervencións educativas para favorecer o desenvolvemento de hábitos de autonomía persoal nos cativos e nas cativas en relación coas estratexias de planificación educativa e os ritmos de desenvolvemento infantil.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumpran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO
RA5 - Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.	NO
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención en relación coa satisfacción das necesidades básicas e a adquisición de hábitos de autonomía persoal, e xustifica a selección das estratexias e dos instrumentos empregados.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Descríbense as pautas de actuación en relación ao aseo, a hixiene, o vestido, o descanso e o sono infantil.
CA1.10 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias acaídas para a satisfacción das necesidades básicas dos pequenos e das pequenas.
CA1.12 Establecéronse os elementos materiais, espaciais e temporais que interveñen na planificación e no desenvolvemento das rutinas diarias.
CA1.13 Relacionouse o xeito de atención de cada necesidade básica coas características dos cativos e das cativas.
CA2.1 Descríbense as fases do proceso de adquisición de hábitos.
CA2.2 Formuláronse obxectivos acordes ás posibilidades de autonomía pequenos e das pequenas.
CA2.3 Estableceuse a secuencia das aprendizaxes de autonomía persoal a partir das características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
CA2.4 Deseñáronse ambientes favorecedores da autonomía persoal na infancia.
CA2.5 Establecéronse estratexias e instrumentos para a detección de elementos que dificulten a adquisición da autonomía persoal dos cativos e das cativas.
CA2.6 Propuxéronse actividades axeitadas para a adquisición de hábitos de autonomía persoal das nenas e dos nenos.
CA2.7 Identifícaronse os conflitos e os trastornos relacionados coa adquisición de hábitos de autonomía na infancia.
CA2.9 Valorouse a importancia da colaboración da familia na adquisición e na consolidación de hábitos de autonomía persoal.
CA3.1 Explicouse o papel das rutinas no desenvolvemento infantil e a súa influencia na organización temporal da actividade do centro.
CA3.2 Establecéronse as rutinas diarias para a alimentación, a hixiene e os descanso.
CA3.5 Achegáronse solucións ante as dificultades detectadas.
CA3.6 Seleccionáronse os obxectos e os recursos materiais necesarios para traballar cos hábitos de alimentación, hixiene, descanso, etc.



Criterios de avaliación
CA4.1 Levouse a cabo a intervención con adecuación ás características individuais dos pequenos e das pequenas, aos criterios metodolóxicos previstos e aos recursos dispoñibles.
CA4.2 Descríbense as estratexias para satisfacer as necesidades de relación nas rutinas diarias.
CA4.6 Respectáronse os ritmos individuais.
CA4.9 Respondeuse adecuadamente ante as continxencias.
CA5.10 Establecéronse e mantivéronse relacións de comunicación efectivas coas familias e, de ser o caso, con profesionais, seguindo os procedementos previstos.
CA6.2 Seleccionáronse os indicadores e os instrumentos axeitados para o control e o seguimento da evolución dos cativos e das cativas, e do proceso de intervención.
CA6.3 Aplícase o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
CA6.4 Rexístranse os datos no soporte establecido.
CA6.5 Interpretouse correctamente a información recollida.
CA6.6 Identifícanse as causas dunha intervención non adecuada.
CA6.7 Identifícanse as situacións en que cumpra a colaboración das familias e doutro persoal profesional.
CA6.8 Elaboráronse informes sobre a evolución na adquisición de hábitos, a satisfacción das necesidades básicas e os trastornos nestes ámbitos dirixidos ás familias e a outro persoal profesional.
CA6.9 Valórase a importancia da avaliación para dar unha resposta acaída ás necesidades básicas dos cativos e das cativas.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Análise de estratexias educativas de creación e mantemento de hábitos relacionados coa alimentación, co descanso, co control de esfínteres e coa autonomía persoal nas actividades da vida cotiá infantil.</p> <p>Identificación de conflitos e trastornos relacionados coa adquisición de hábitos de autonomía persoal.</p> <p>Análise das rutinas na organización do tempo.</p> <p>Instrumentos para o control e o seguimento do desenvolvemento físico e a adquisición de hábitos de autonomía persoal.</p> <p>Información ás familias e a outras persoas profesionais: instrumentos.</p>



#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Educación para a saúde	18

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumpran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO
RA5 - Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.7 Seleccionáronse as axudas técnicas necesarias.
CA3.8 Comprobouse que o ambiente, os materiais e equipamentos específicos cumpran as normas de hixiene e seguridade establecidas na normativa.
CA3.10 Organizáronse actividades e campañas de promoción da saúde.
CA4.7 Utilizáronse as axudas técnicas seguindo os protocolos establecidos.
CA4.8 Respectáronse as normas de hixiene, prevención e seguridade.
CA5.1 Identifícanse as características e as necesidades básicas dos nenos e das nenas de cero a seis anos en materia de saúde e seguridade, en relación coa etapa evolutiva en que se achen e cos instrumentos axeitados.
CA5.3 Descríbense as condicións e as medidas sanitarias e preventivas que cumpra adoptar para a promoción da saúde e o benestar nos centros de atención á infancia.
CA5.4 Valorouse a importancia do estado de saúde e da hixiene persoal do persoal educador na prevención de riscos para a saúde.
CA5.6 Identifícanse os accidentes infantís máis frecuentes.
CA5.7 Descríbense as estratexias de prevención dos accidentes infantís.
CA5.8 Valorouse o papel das actitudes do educador ou da educadora infantil ante as situacións de doenza e accidente.
CA5.9 Comprobouse que o ambiente, os materiais e os equipamentos específicos cumpran as normas de calidade e seguridade.
CA5.11 Valorouse a importancia da educación para a saúde na escola infantil.
CA5.12 Valorouse o papel do persoal con titulación de técnico en educación infantil como axente de saúde e seguridade.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Prevenção e seguridade na atención ás necesidades básicas: análise de perigos e puntos de control críticos.
Organización de actividades e campañas de promoción da saúde.
Hixiene das instalacións e dos utensilios.



Contidos

Normativa en materia de seguridade e hixiene.

Normas de seguridade e hixiene aplicables ao persoal profesional da educación infantil.

Saúde e doenza. Promoción da saúde.

Valoración do papel do persoal profesional da educación infantil na prevención de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantil.

Factores implicados no proceso de doenza-saúde

Educación para a saúde na escola infantil.

Análise dos riscos e dos factores que predispoñen para os accidentes na infancia. Epidemioloxía.

Análise de estratexias e instrumentos para valorar as condicións de seguridade e hixiene dos centros educativos e de atención á infancia.

Detección de indicadores de risco para a saúde o a seguridade infantil.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### Unidade Didáctica 1

Valorouse a atención as necesidades básicas como momento educativo

Analizouse o papel do persoal profesional da educación infantil na atención as necesidades básicas e na promoción da autonomía personal dos cativos e das cativas.

Valorouse a coordinación coas familias e con outras persoas profesionais para a atención dos cativos e das cativas

### Unidade Didáctica 2

Descríronse os parámetros básicos para o seguimento do desenvolvemento físico dos nenos e as nenas.

Identificáronse e seleccionáronse dos indicadores e os instrumentos axeitados para o control e seguimento da evolución dos nenos e as nenas e do proceso de intervención.

Indicáronse os criterios e os síntomas máis relevantes para a identificación das principais enfermidades infantís, e describíronse os protocolos de actuación

### Unidade Didáctica 3

Descríronse das características e as necesidades dos nenos e as nenas en relación coa alimentación.

Relacionáronse e identificáronse as diferentes pautas en canto a alimentación para cada momento evolutivo dos nenos e nenas de infantil

Identificáronse os principais trastornos e conflitos relacionados coa alimentación.

Preparáronse espazos e condicións, e recursos máis axeitados para a alimentación.

Estableceráronse as rutinas diarias para a alimentación.

### Unidade Didáctica 4

Descríronse as características e as necesidades dos pequenos e das pequenas en relación coa alimentación, a hixiene e o descanso.

Identificáronse os principais trastornos e conflitos relacionados coa alimentación, a hixiene e o descanso.

CA1.

11 - Deseñáronse ambientes aptos e seguros para a satisfacción das necesidades de alimentación, hixiene e descanso.

Preparouse o espazo e as condicións máis acaídas para o descanso, a hixiene e a alimentación.

Seleccionáronse os obxectos e os recursos materiais necesarios para traballar cos hábitos de alimentación, hixiene, descanso, etc.

Aplicáronse as técnicas de alimentación, aseo e hixiene infantil de bebés.

### Unidade Didáctica 5

Descríronse as pautas de actuación en relación ao aseo, a hixiene, o vestido, o descanso e o sono infantil.

Propuxéronse actividades, recursos e estratexias acaídas para a satisfacción das necesidades básicas dos pequenos e das pequenas.

Formuláronse obxectivos acordes ás posibilidades de autonomía pequenos e das pequenas.

Propuxéronse actividades axeitadas para a adquisición de hábitos de autonomía persoal das nenas e dos nenos.

Identificáronse os conflitos e os trastornos relacionados coa adquisición de hábitos de autonomía na infancia.



Valorouse a importancia da colaboración da familia na adquisición e na consolidación de hábitos de autonomía persoal.

Establecéronse as rutinas diarias para a alimentación, a hixiene e os descansos

Descríronse as estratexias para satisfacer as necesidades de relación nas rutinas diarias.

Seleccionáronse os indicadores e os instrumentos axeitados para o control e o seguimento da evolución dos cativos e das cativas, e do proceso de intervención.

Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración das familias e doutro persoal profesional.

Elaboráronse informes sobre a evolución na adquisición de hábitos, a satisfacción das necesidades básicas e os trastornos nestes ámbitos dirixidos ás familias e a outro persoal profesional.

Valorouse a importancia da avaliación para dar unha resposta acaída ás necesidades básicas dos cativos e das cativas.

#### Unidade Didáctica 6

Organizáronse actividades e campañas de promoción da saúde.

Identificáronse as características e as necesidades básicas dos nenos e das nenas de cero a seis anos en materia de saúde e seguridade, en relación coa etapa evolutiva en que se achen e cos instrumentos axeitados.

Descríronse as condicións e as medidas sanitarias e preventivas que cumpra adoptar para a promoción da saúde e o benestar nos centros de atención á infancia.

Valorouse a importancia do estado de saúde e da hixiene persoal do persoal educador na prevención de riscos para a saúde.

Valorouse o papel das actitudes do educador ou da educadora infantil ante as situacións de doenza e accidente.

Valorouse a importancia da educación para a saúde na escola infantil.

Valorouse o papel do persoal con titulación de técnico en educación infantil como axente de saúde e seguridade.

Seleccionáronse as axudas técnicas necesarias.

#### Unidade Didáctica 7

Comprobouse que o ambiente, os materiais e equipamentos específicos cumpran as normas de hixiene e seguridade establecidas na normativa.

Organizáronse actividades e campañas de promoción da saúde.

Respectáronse as normas de hixiene, prevención e seguridade.

Identificáronse as características e as necesidades básicas dos nenos e das nenas de cero a seis anos en materia de saúde e seguridade, en relación coa etapa evolutiva en que se achen e cos instrumentos axeitados.

Descríronse as condicións e as medidas sanitarias e preventivas que cumpra adoptar para a promoción da saúde e o benestar nos centros de atención á infancia.

Valorouse a importancia do estado de saúde e da hixiene persoal do persoal educador na prevención de riscos para a saúde.

Descríronse as estratexias de prevención dos accidentes infantís.

Valorouse o papel das actitudes do educador ou da educadora infantil ante as situacións de doenza e accidente.

Comprobouse que o ambiente, os materiais e os equipamentos específicos cumpran as normas de calidade e seguridade.

Valorouse a importancia da educación para a saúde na escola infantil.

---





#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os mínimos esixibles deste módulo son todos aqueles que se recollen ó longo da programación didáctica e especificados por unidades.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

As cualificacións trimestrais e final do módulo obterase do seguinte xeito:

- a) Un 30% da mesma procederá da cualificación obtida no relativo ao grao de adquisición dos contidos conceptuais. A avaliación deste apartado farase a partir das probas escritas ou orais. Para aprobar este módulo, deberán alcanzar o aprobado (5) en cada unha das probas que se realicen ó longo do curso. Realizarase como mínimo unha proba, por trimestre. No caso de realizarse máis dunha proba escrita, a media ponderada ou aritmética de tódalas notas obtidas daranos a cualificación dos contidos conceptuais, sempre e cando se alcance un cinco en cada unha das probas.
- a) Un 30% procederá das cualificacións obtidas nos traballos propostos na clase, tanto individuais como grupais. Cando se realice na aula un traballo en grupo, o compoñente do grupo que non asista ese día, e non xustifique a falta (polo tanto, que non traballe co seu grupo) restará á nota final do traballo 1 punto por cada falta. Para acadar o aprobado neste apartado será necesario obter como mínimo un cinco en cada un dos traballos propostos ó longo do curso. A puntuación dos traballos grupais non será necesariamente a mesma para todos os membros do grupo, dependerá do traballo realizado e da actitude de cada compoñente
- b) Un 30% procederá da valoración das actitudes cara ao mundo laboral: a puntualidade, unha actitude de respecto tanto cara o profesorado así coma cara os compañeiros/as, así como a iniciativa, o interese, a participación activa, a responsabilidade e o traballo en equipo dos alumnos/as na aula. Así mesmo tamén se valorará o orden, coidado e mantemento dos espazos e recursos empregados no desenvolvemento do módulo.
- c) Un 10 % procedera da creatividade ou innovación na abordaxe demostrada nas exposicións ou traballos tanto individuais como grupais levadas a cabo na aula

Os criterios de avaliación incluídos nos propios resultados de aprendizaxe figuran en cada unidade de traballo, e asemade tomando como referencia as actividades de ensino e aprendizaxe, guiarase ó alumno no xeito máis idóneo para que poidan saber como deben evidenciar os seus coñecementos, destrezas e actitudes para acadar a avaliación positiva .

As actividades de avaliación serán elixidas entre as previstas como actividades de ensino e aprendizaxe para cada unidade de traballo, e daranse indicacións precisas sobre aquelas que deba realizar, constituíndo o marco guía para a propia avaliación do alumnado.

A planificación da avaliación tanto de unidades de traballo como do módulo no seu conxunto ten como fin comparalos resultados do alumnado cos criterios de avaliación de cada unidade e cos resultados de aprendizaxe do módulo, como un referente obrigado.

Os tipos de avaliación que se realizan son: inicial, continua e final do módulo e asemade dende o punto de vista da función no proceso de ensino e aprendizaxe: a formativa e a sumativa. Tendo en conta o axente principal practicarase tamén un sistema de autoavaliación que se reflectirá nunha proposta de exercicios ó remate de cada unidade de traballo. Asemade, segundo o patrón co que se camparen os resultados será por un lado a referencia do promedio da clase, criterial (mínimos para considerar que os resultados de aprendizaxe se alcanzaron), e tamén personalizada.

O proceso de avaliación concrétese en:

Avaliación inicial

Avaliación formativa.

Avaliación sumativa (ó final do proceso de ensino e aprendizaxe do módulo).

As probas de avaliación levaranse a cabo durante todo o proceso de ensino e aprendizaxe, nos diferentes proxectos realizados e dirixidos fundamentalmente a observación -avaliación, sen ser considerados como exame, pero si como reafirmación da consecución dos resultados de aprendizaxe implicados en cada unha das sesións de avaliación parcial do módulo.

O alumnado para acadar a avaliación positiva e polo procedemento de avaliación continua deberá ter unha asistencia regular ás clases, que en ningún caso superará o 15% de faltas de asistencia (xustificadas e non xustificadas). Asemade, para poder practicar o sistema de avaliación continua o alumno/a deberá participar de forma satisfactoria en tódolos proxectos a realizar e acadar os resultados de aprendizaxe nos mínimos - estándar establecidos. Unha actitude activa, de predisposición para participar, aprender e a calidade dos traballos realizados serán especialmente tidos en conta no procedemento de avaliación continua do módulo.

Ó Alumnado, en cada unidade de traballo indícaránselle ós parámetros que se avalían e o grao de consecución estándar que deberá amosar, sendo estes un claro referente para a súa avaliación, xunto cos aspectos mais relevantes nos que deberá fixarse, constituíndo esta acción unha guía para o alumnado en cada unidade de traballo.



Para a valoración terase en conta aspectos como: contido, desenvolvemento da actividade, e presentación.

Así mesmo avaliaráanse criterios como:

Actuación do alumno no desenvolvemento dos talleres:

- Manexo de materiais e instrumentos (ordenación e observación das normas de uso), orientación no mesmo, Recollida de materiais e da aula.
- Observación das normas de seguridade e hixiene (limpeza, colocación e orden do material).
- Puntualidade, aportación de material, disciplina no traballo, ritmo de elaboración e actitude no traballo.
- Actuación do alumnado nas actividades individuais: Para a súa valoración se terán en conta os criterios específicos indicados polo profesor en cada momento. Así mesmo valorarase:
  - Dificultade do traballo, concordancia dos obxetivos do traballo,
  - Adecuación do traballo o tempo previsto,
  - Calidade no acabado, dominio da técnica, orixinalidade e creatividade,
  - Adaptación ao entorno de traballo, Elección axeitada dos materiais.

Traballos de grupo:

Valorarase: Material aportado polo alumnado,

- Elaboración do tema e organización (adecuación dos obxectivos ao traballo, relación entre as diferentes partes, nivel de comprensión no contido desenvolvido, análise e síntese, exatitude dos datos e conceptos, expresión escrita e ritmo de elaboración),
- análise crítico,
- bibliografía consultada,
- presentación e estilo,
- actitude ante o traballo,
- aplicación dos contidos teóricos,
- Coordinación na actuación dos membros do grupo e participación dos diferentes membros no desenvolvemento do traballo, así como na súa presentación ante os compañeiros e compañeiras, no caso de que a profesora así o requira.

Queda a criterio da docente calificar aos distintos membros dun equipo de traballo cunha nota diferente, se estima que a súa participación e aproveitamento é diferente en algún caso.

Exposicións: Valorarase

- Nivel de comprensión (ordenación, claridade e corrección da exposición, síntese e análise dos contidos expostos),
- Emprego de diferentes recursos e exemplos,
- Expresión dos contidos, presentación e realización do resumo da exposición e capacidade de resposta no turno de preguntas.
- Coloquios: Valorarase: Intervencións (grado de participación),
- Opinións (reflexionadas, e con datos exactos), Actitude de respecto fronte a opinión dos compañeiros,
- Capacidade de síntese e sentido crítico ante a información.

Probas escritas: Valorarase:

- Nivel de comprensión,
- Exposición dos coñecementos,
- Corrección na aplicación da teoría aos exercicios prácticos,
- Emprego dun linguaxe claro e preciso
- Capacidade de valorar suizos (xustificando as afirmacións desenvolvendo unha actitude crítica),
- Capacidade de relacionar conceptos, técnicas e materiais (analizando semellanzas e diferencias), e
- Capacidade de análise e síntese.

Ademais dos suliñados anteriormente, o alumno deberá superar os seguintes criterios globais, comúns a todas as Unidades Didácticas estudadas o longo do curso:

- Recoñecer o material traballado e empregado durante o curso.



- Demostrar que recoñece e emprega axeitadamente os materiais, así como as súas características e posibilidades de traballo. Demostrar que coñece diferentes técnicas para traballar cos materiais, así como os instrumentos axeitados.
- Identificar os aspectos a traballar nas actividades e o obxectivo que se persegue.
- Plantexar exercicios diferentes a partir dos materiais e as técnicas estudadas.
- Diferenciar os procedementos no desenvolvemento das súas funcións e as súas diferentes formas.
- Demostrar actitude responsable e respetuosa ante o traballo en equipo e ante a opinión dos demais.
- Presentar todos os traballos nas fechas establecidas.
- Levar a cabo o traballo na aula baixo a supervisión da profesora.
- Realizar as síntesis do traballo escrito sen copiar textos, e presentar o comentario.
- Presentar os traballos con todas as partes solicitadas pola profesora, e léxicamente relacionadas.
- Efectuar as exposicións sin lectura directa.
- Nos traballos en grupo tolos os membros de mesmo deberán coñecer todas as partes do mesmo.
- Acadar o obxectivo principal de cada traballo proposto.
- Autoevaluarse e participar na avaliación dos traballos de grupo.

Se a profesora estima que en algún caso o aproveitamento e participación por parte de un alumno/a non é o axeitado, ou ben por non asistir a clase ou non levar a cabo determinadas actividades, este poderá pedir aos alumnos/ que o considere traballos complementarios.

Todos os traballos e actividades programados teñen carácter obrigatorio, e deberán levarse a cabo na clase e baixo a supervisión da profesora. Para superación positiva do módulo e necesaria a presentación e avaliación positiva de todas as actividades e probas plantexadas o longo do trimestre.

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá a profesora de forma individualizada atendendo aos déficits do alumno/a e co obxectivo de acadar os obxectivos do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de probas, actividades e traballos semellantes aos propostos. O aquilo que ela considere cumpre cos criterios pedagóxicos de avaliación en cada caso individual. Adaptando se é necesario o tipo de proba ao perfil individual do alumnado a avaliar.

As actividades de recuperación da última avaliación realizaranse nas dúas últimas semanas do curso, antes da avaliación final.

O alumnado terá que ter superado cunha nota mínima dun 5 tanto os exames, como traballos ou actividades de recuperación para poder facer a media ponderada e ter a nota global do módulo. Puidendo recuperar aquela parte que ten suspensa exclusivamente se a docente o considera, ou indo con todo no caso de non telo superado, en cuio caso terá que ser avaliado das partes pendentes para superar o módulo.

Todo documento de avaliación unha vez corrixido e revisado polo alumno/a , será custodiado pola profesora.

Na finalización de cada trimestre procurase que o alumnado leve a cabo un proceso de autoavaliación e de coavaliación coa profesora en canto ao que se refire a: contidos, metodoloxía, recursos e proceso de avaliación.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No caso de que o alumnado non acade unha cualificación positiva nas avaliacións realizará as actividades de recuperación que establecerá a docente de forma individualizada co fin de acadar os obxectivos do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de actividades e traballos semellantes aos propostos o longo do curso e/ou a realización dunha proba escrita.

O período de realización das actividades de recuperación comezará unha vez rematado o trimestre.



Se as medidas de reforzo tomadas ao longo do curso resultan insuficientes e algunha alumna ou alumno non supera o módulo e promociona faranse actividades de recuperación no período previsto a tal fin pola normativa vixente e unha proba das mesmas características que a deseñada para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua.

Estas actividades concretaranse para cada alumna ou alumno tomando como referencia os resultados de aprendizaxe e os contidos básicos non adquiridos. Por outra banda, as actividades de recuperación terán un carácter marcadamente global e individualizado e incluírán as modificacións metodolóxicas pertinentes para facilitar que o alumnado poida alcanzar os niveis mínimos esixidos.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo. E nunha proba de carácter prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller/obradoiro. Os criterios de avaliación serán os establecidos no módulo. Quedando ao criterio da docente establecer algunha proba específica para poder avaliar algunha das competencias específicas relacionadas coas diferentes unidades.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto na parte práctica como na proba teórica, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación (Orde do 12 de xullo de 2011) no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

O seguimento da programación será mensual e darase conta do mesmo no rexistro na aplicación informática.

Para a avaliación da práctica docente atenderase aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado previstas polo sistema de calidade do CIFP, pero tendo en conta, que a avaliación corresponde, en primeiro lugar, á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. A profesora provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a avaliación son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.



- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rendabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: ¿Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial do módulo levarase a cabo con un cuestionario de contidos xerais específicos do módulo, especificado a continuación, que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

#### CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO MÓDULO DE AUTONOMÍA PERSOAL E SAÚDE INFANTIL

¿Qué entendes por Autonomía persoal e saúde?

¿Qué é para ti a saúde?

¿Qué crees que abarca a educación para a saúde?

¿Cales pensas que son as enfermidades infantís máis frecuentes nunha escola infantil?

¿Qué contidos crees necesarios acadar sobre o crecemento e desenvolvemento do neno ou a nena de 0a 6 anos?

¿Qué contidos crees necesarios acadar sobre a alimentación infantil de 0a 6 anos?

¿Qué é para ti unha dieta equilibrada?

¿Qué coidados crees que son necesarios en canto a hixiene do neno/a de 0 a 6 anos?

¿Qué sabes sobre as necesidades de descanso dos nenos/as de 0 a 6 anos?

¿Qué entendes por hábitos de autonomía persoal e saúde?

¿Qué entendes por necesidades de apoio educativo na infancia?

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun discente determine dificultades para o seguimento das unidades de formación e polo tanto para o módulo, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades proponendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.



En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo docente e do departamento de información e orientación por se for necesario dar un paso máis na concreción das medidas e promover unha adaptación curricular.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación debe favorecer o desenvolvemento integral do alumnado. Polo tanto, non debe limitarse a impartir contidos teóricos senón que debe favorecer o desenvolvemento integral do alumnado. No conxunto da institución a través dos distintos programas e actividades e neste módulo ademais de abordar contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais relativos ás competencias profesionais no posto de traballo teranse en conta a adquisición daqueles contidos de tipo actitudinal que serán positivos para o desenvolvemento profesional e persoal.

Os temas transversais serán abordados a medida que se expoñan o resto de contidos específicos do módulo, estando presentes de xeito continuo nos trocos comunicativos e nos traballos realizados. Así mesmo, tamén serán tidos en conta á hora de calificar ao alumnado como se pode observar tanto nos criterios de avaliación seleccionados, o peso de estes así como os indicadores nomeados.. A profesora estará pendente de que se adquiran as actitudes axeitadas como o respecto, capacidade para traballar en equipo, responsabilidade.

Lembremos que a lei Orgánica 2/2006 de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos, e outórgalles o rol de referente curricular para a avaliación curricular xeral de diagnóstico e a avaliación de diagnóstico. O goberno español asume, con esta decisión legislativa as conclusións dos Organismos internacionais (a OCDE e a Comisión Europea) e do Programa para a avaliación internacional dos alumnos e alumnas da propia OCDE sobre o ensino e aprendizaxe das competencias básicas como un modelo para mellorar a calidade e a equidade do sistema educativo. A incorporación das competencias básicas ó currículo é unha primeira aposta por acerca o sistema educativo español ás esixencias internacionais.

Tendo en conta o exposto anteriormente e que as e os profesionais desenvolveran o seu traballo nun entorno socioeducativo, debido á características da nosa familia profesional concretáanse como contidos recollidos no curriculum e mínimos exisibles os seguintes:

O ser profesional e saber estar nun entorno profesional.

O presente bloque aparece organizado en tres eixos fundamentais no desenvolvemento do exercicio profesional no ámbito socioeducativo. -a persoa.

-as relacións interpersoais.

-as relacións co entorno social e natural.

Tanto os contidos procedimentais como actitudinais desenvolveranse de eixo transversal e continuo neste módulo.

Obxectivos

En relación coa persoa:

-Desenvolver o autoconhecimento, autonomía e autorregulación: clarificación de valores, recoñecemento e xestión de sentimentos e emocións propios e alleos, identificación e análise das propias actitudes fronte ao conflito.

Nas relacións interpersoais:

-Saber obxectivar as interpretacións de opinións.

-Capacitarse para o diálogo: argumentación e defensa de opinións.

-Capacitarse en técnicas de negociación e acadar acordos.

-Coñecer e practicar alternativas a todo tipo de agresións ou formas de violencia: comportamentos promotores da non violencia. -Escoitar activamente.

Nas relacións co entorno social e natural.

-Desenvolver o pensamento crítico: adquisición de información eticamente relevante acerca da realidade. Análise crítico da realidade contrastando os diversos puntos de vista. Actitude de compromiso e entendemento para mellorar a realidade.

-Desenvolver a capacidade de transformación do entorno. Formulación de normas e proxectos que poñan de manifesto criterios de valores



relacionados coa implicación, a solidariedade e o compromiso, dentro e fora do traballo.

-Desenvolver o razoamento moral: reflexionar sobre os conflitos de valor. Pensar segundo os criterios de xustiza e dignidade persoal a partires dos principios universais. Contidos:

Identidade e diversidade cultural.

-A construción da identidade: autoestima e valoración positiva, igualdade de xénero, identidade e alteridade: dereitos da propia identidade e a non discriminación, o descubrimento do outro, igualdade na diferenca.

Xustiza social e equidade.

-Dignidade humana.

-Coñecemento das necesidades e dereitos humanos e das nosas responsabilidades.

-Comprensión das desigualdades e inxustizas nas sociedades tanto no seu interior como nas relacións entre elas.

Globalización e interdependencia.

-Coñecemento dos sistemas económicos e políticos imperantes no mundo. -Relacións de poder.

Ética do consumo. -Cultura mediática.

Desenvolvemento humano sostible.

-Desenvolvemento, ciencia e tecnoloxía.

-Desenvolvemento social, cultural, político e económico tanto local como global: sensibilidade ecolóxica, dereitos sociais e económicos e culturais.

-Comprensión de conceptos acerca de futuros posibles ou previsibles.

Paz e conflito.

-Actitudes fronte o conflito.

-Causas e efectos dos conflitos locais e globais. Esquema do conflito. -Educar en e para o conflito ou educar en e para a paz.

Democracia.

-A democracia como compromiso participativo na construción dos valores que regulan a convivencia.

-Formas de goberno: a soberanía popular.

-Compromisos como cidadáns e cidadás: dereitos, obrigas, e melloras que poderían incidir no ben común.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas sobre a realidade educativa das escolas e diferentes aspectos relacionadas coa dinámica de traballo e actividades que se realizan nas mesmas, a cargo de profesionais en exercicio.

- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á infancia así como noutros ámbitos non formais e informais de atención á infancia.

- Visitas a escolas infantís e/ou equipamentos de educación non formal da cidade e/ou outros concellos.

- Levarase tamén a cabo a organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais: Magosto, Entroido... E outras que se consideren importantes para o normal desenvolvemento das crianzas de 0 a 6 anos.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.



O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

### **10.2) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller/obradoiro, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).

Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: ¿O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro¿ e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 ¿O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalación¿.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.